

CASTELAO MULTIDISCIPLINAR: DENDE PONTEVEDRA PARA O MUNDO

Susana Cendán
Universidade de Vigo

Exposición *Castelao artista: Os fundamentos do seu estilo (1905-1920)*
Sexto Edificio do Museo de Pontevedra, 1 de abril ao 5 de xuño de 2016
Comisario: X. Carlos Valle Pérez

Exposición *Meu Pontevedra. Castelao 1916-1936*
Sexto Edificio do Museo de Pontevedra, 28 de xuño ao 11 de setembro de 2016
Comisarios: M^a Ángeles Tilve Jar e J. M. Castaño García

Co motivo da conmemoración do *Ano Galego das Artes* (2016) o Museo de Pontevedra organizou dúas mostras centradas nun dos principais representantes da nosa cultura: Alfonso R. Castelao. As exposicións complementábanse con xenerosas publicacións nas que se analizaba a figura de Castelao desde perspectivas heteroxéneas. Nas liñas que seguen a continuación trataremos de examinar os dous proxectos expositivos coas súas correspondentes publicacións, sinalando as aportacións que consideramos máis relevantes.

Na primeira das exposicións, titulada *Castelao artista: Os fundamentos do seu estilo (1905-1920)*¹, abordábase a traxectoria artística de Castelao desde os seus comezos como caricaturista *amateur* ata os seus derradeiros traballos no campo dunha ilustración sintética e profundamente politizada. O comisario da exposición e director do Museo de Pontevedra, X. Carlos Valle Pérez sinala, no texto do catálogo, que unha das principais aportacións da mostra é a “posibilidade de ver reunidas por primeira vez todas as obras de gran formato de Castelao, ou para ser máis precisos, aquelas das que temos constancia que realizou e se atopan en Galicia”.²

Sen dúbida a oportunidade de contemplar conxuntamente a obra de gran formato de Castelao alberga un valor documental e de esforzo relevantes por parte da institución museística, permitíndonos observar como se desenvolvía Castelao nuns formatos que, non en tanto, esixían duns coñecementos e dunha pericia técnica que

poñían en evidencia o seu auto didactismo. Consideramos que Castelao é grande nos pequenos formatos, no debuxo e na creación dunha imaxe gráfica simplificada.

No texto do catálogo titulado *Castelao pintor, antes da exposición do Álbum Nós*,³ o profesor da USC José Manuel B. López Vázquez, contextualiza ao lector esclarecendo o panorama artístico da España na que viviu Castelao, distinguindo entre a “España branca”, liderada por Sorolla e os seus seguidores, e a “España negra”, próxima ao espírito pesimista e lúgubre do 98. Castelao, como ben apunta López Vázquez, optaría pola segunda opción, non só pola súa identificación coas propostas artísticas de determinados artistas vascos, senón tamén pola súa oposición a todo o que representaba o centralismo madrileño.

Nesta percepción tenebrista da realidade debemos situar a serie dos cegos, unha figura que Castelao utiliza para representar simbolicamente a cegueira dun país lastrado pola ignorancia, o retraso e a indiferenza, por *un mirar para o outro lado* cheo de consecuencias trxicas.

Compartimos as reflexións do profesor López Vázquez, cando afirma que “estamos ante un conxunto de pinturas ao óleo que non nos satisfán tanto como os seus debuxos ou acuarelas coténeas”, aínda sabendo que a ética importa máis que a estética, ou o concepto sobre a técnica.

A montaxe expositiva estaba dividida en oito apartados: *A creación da súa propia imaxe; Os primeiros anos da súa traxectoria artística (1905-*

1912); *A Estrada e a súa contorna na obra de Castelao*; *A consolidación como artista (1913-1915)*; *Os cegos na obra de Castelao*; *As derradeiras obras de gran formato*; *Castelao en Pontevedra (1916-1920)* e *O Álbum Nós e o seu contexto (1916-1920)*.

En todos eles observamos un achegamento detallado á súa evolución artística, á disparidade de estilos que abordou, ás súas fortalezas e debilidades, permitindo ao espectador unha percepción conxunta do legado dun creador diferente – e en certo sentido único - cuxa xénese é analizada nos excelentes textos – o de Justo Beramendi sobre a ideoloxía do primeiro Castelao, o de María Victoria Carballo Calero, máis centrado no Castelao caricaturista, e o xa citado de López Vázquez - que conforman o groso do catálogo.

Novidosa resulta a aproximación que se fai a Castelao no primeiro apartado da exposición titulado *A creación da súa propia imaxe*, en certa medida relacionado cun texto que tiven a oportunidade de publicar nesta mesma revista⁴ no que se analizaba a aparencia formal de Castelao en determinadas auto caricaturas. Unha liña aberta de investigación na que se aborda a un personaxe que foi - e segue sendo - escrutado desde múltiples perspectivas, pero quizais non desde un punto de vista iconográfico, como alguén capaz de construír unha imaxe sedutora e recoñecible de si mesmo.

As auto caricaturas de Castelao fascínannos pola súa capacidade para exprésalo todo con moi pouco, polo seu compromiso irreductible con Galicia e a defensa da nosa identidade cultural, pero tamén pola creación dunha imaxe icónica capaz de sobrevivir ao paso do tempo. Todos - incluso aqueles que non son conscientes do que Castelao representa- temos interiorizado os poucos símbolos – gafas, paxariña, sombreiro, cigarro, traxe negro - que el encargouse de repetir unha e outra vez, convertendo a súa imaxe nunha icona atemporal.

A segunda exposición coa que o Museo de Pontevedra rendía homenaxe a Castelao levaba por título *Meu Pontevedra. Castelao 1916-1936*⁵. Comisariada por M^a Ángeles Tilve Jar e J. M. Castaño García, a exposición revelaba un exhaustivo percorrido polos anos vividos por Castelao en Pontevedra, analizando e valorando todos os



Autocaricatura (1916). Col. Museo de Pontevedra

fitos, políticos, artísticos, culturais e vitais, que marcaron a súa vida na cidade, desenvolvida entre mediados do ano 1916 e principios de xullo de 1936.

A exposición complementábase cunha montaxe especialmente coidadosa na que se recreaba o estudo do artista, situado na Praza do Concello, con numerosos obxectos persoais, e mesmo o estudo de fotografía *Saez Môn e Novas*, o cal acolleu unha exposición de Castelao no ano 1917.

Obrigado é igualmente citar o extenso catálogo que acompañaba á exposición, seiscentas trinta e unha páxinas que recollen os movementos de Castelao na cidade, case ao minuto, e do que é xusto agradecer aos seus autores, Paula Tilve e J.M. Castaño, o titánico traballo de documentación e redacción empregado. Sen dúbida o catálogo constitúe un manual imprescindible para calquera investigador que decida profundar nos múltiples intereses que ocuparon o período vivido por Castelao na cidade.

Pero, ¿que aporta como novidade este segundo proxecto? En primeiro lugar a posibilidade de desfrutar por completo dunha das pezas claves da produción artística de Castelao: o Álbum Nós. Realizado durante a súa estancia en Pontevedra, entre os anos 1916 e 1918, o álbum comprendía un conxunto de cincuenta debuxos cuxos orixinais dábanse por perdidos. No transcurso da preparación do proxecto, e tras minuciosas pesquedas, os orixinais foron localizados en perfectas

condicións nun domicilio particular e incorporados á exposición.

O Álbum Nós compendia o entendemento, profundamente pedagóxico, que Castelao tiña da arte. A arte entendida non como un medio para a experimentación, senón como unha ferramenta a través da cal transmitir mensaxes comprensibles e útiles a unha poboación que debía espertar do seu letargo. A estas alturas, Castelao xa tiña claro que non lle interesaban as experimentacións vangardistas. Como esclarece Justo Beramendi, “a configuración final dese pensamento e dese valores seus que hoxe percibimos como os que tivo sempre non emerxe completa ata 1930-31, cando el tiña xa 44 anos, e é o resultado dun longo e conflitivo proceso ideolóxico no que a vontade de eliminar toda opresión (nacional, social, política) se enfronta e vai vencendo ideas e fidelidades incompatibles. Tal é o verdadeiro mérito de Castelao, a súa maior grandeza”.

O ingreso nas Irmandades da Fala en Pontevedra no ano 1916, é outro dos factores a ter en conta á hora de analizar a evolución artística de Castelao. As Irmandades nacen na Coruña - un dezaioito de maio de 1916 - para ramificarse en asociacións por toda Galicia, cun obxectivo concreto: promover o recoñecemento e a defensa política da nosa identidade, fundamentada na posesión dunha lingua e unha cultura propias. Castelao será un dos fundadores da delegación Pontevedresa, traballando desde o primeiro momento na constitución e consolidación da mesma, feito que inflúe de maneira notable no rumbo que vai a tomar a súa produción artística e literaria.

A partir de entón Castelao liderará un tipo de humor crítico e mordaz, un humor “que non ría, senón que morda” - como manifestara o autor na emblemática conferencia sobre humorismo impartida no ano 1920 -, e sobre todo desvinculado do humorismo simple que caracterizou os seus inicios.

Ademais do atractivo que supoñía contar cos debuxos orixinais do mítico Álbum Nós, a exposición *Meu Pontevedra* ofrecíalle ao espectador a posibilidade de descubrir evocadores debuxos pertencentes a coleccións particulares xunto con diversas “estampas” - en realidade un conxunto de obras de pequeno formato executadas sobre

papel - nas que é posible degustar un Castelao menos condicionado pola transmisión de mensaxes políticas e máis predisposto á experimentación plástica.

A actitude de escepticismo de Castelao respecto ás vangardas non ven dada polo descoñecemento, como é posible comprobar no seu Diario - un maravilloso libro de artista de trescentas páxinas con debuxos e reflexións manuscritas pertencente á colección do Museo de Pontevedra - senón porque o seu carácter experimental e abstracto resultaba incompatible coa vontade de crear unha arte comprometida, sen artificios intelectuais e recoñecible - como a súa imaxe - por unha inmensa maioría.

Aínda así o coqueteo con certas linguaxes das vangardas está presente na exposición en obras inéditas - ao menos para min - como o *Carballo en outono* (Col. Rafael Lorenzo Montero), un óleo datado en 1912 no que Castelao fai uso da pincelada fragmentada e as texturas xenerosas do impresionismo, así como dunha aplicación desprexuzada da cor, en sintonía co ideario fauve; os cinco sorprendentes debuxos con escenas de café e cabaré realizados durante a súa estancia en Berlín, inseridos nas páxinas do seu diario, evocan o coñecemento dos expresionistas alemáns, particularmente o debuxo titulado *Parella de homes nun café* (1921) no tratamento das contornas, na deformación das figuras - particularmente as mans, transformadas case en garras - e nas cores contrastadas; incluso, e aínda que a súa intención non teña nada que ver coa empatía de Castelao co cubismo, noutro debuxo dedicado ao seu amigo Vicente Risco titulado *O cego que veu de neno* (Fundación Vicente Risco), o artista deixa constancia do seu talento para descompoñer a realidade en clave cubista.

Os casos citados son algunhas das xoias que nos ofrecía *Meu Pontevedra*, abrindo novas vías para aproximarnos á traxectoria dun creador que, de ser outras as circunstancias, daría un magnífico artista de vangarda. Ao fin e o cabo, se deixamos de lado as cuestións formais, as buscas de Castelao en comparación coas dalgúns dos movementos de vangarda máis radicais - Dada, por exemplo, co que Castelao manifesta abertamente o seu desacordo nas páxinas do seu diario - son asombrosamente similares: Ambos son



Miragre ou Viático (ca. 1922). Col. Museo de Pontevedra

consecuencia de situacións esgazaroras, atacan a realidade cultural e política, e configuran un artista próximo ao que aclamaba Tristan Tzara no *Manifesto Dada*: "O artista novo non pinta: ¡Protesta!

A arte xaponesa representada nunha paisaxe sintetizada, no esquematismo e na capacidade de reproducir emocións sen necesidade de imitar literalmente a natureza, é outra constante nos traballos artísticos de Castelao. A exposición ofrece reveladoras mostras da fascinación que Castelao sentía pola arte de Hiroshige, Foujita o Hokusai, entre outros. Fascinación compartida con outros artistas do momento, e da que dan boa conta as estampas xaponesas que decoraban o seu estudo, adquiridas por Castelao durante a súa estancia en París.

Algunhas destas xoias de inspiración oriental, forman parte da colección permanente do Museo de Pontevedra (*O neno das piñas*, *O castiñeiro do val*, *Vento Mareiro* ou *Milagre ou Viático*) o cal permítenos contemplalas con regularidade;

outras, foron cedidas temporalmente para a exposición (*Ria de Pontevedra. Fronte a Tambo*. Col. Mercedes Losada Espinosa (ca. 1920-22); *Paisaxe con piñeiros*. Col. Fernando Filgueira Iglesias (1923); *O vello leñador*. Col. Rosina Otero (ca. 1916-18); *Paisaxe con piñeiros* (ca. 1920) ou o *Piñeiro* realizado a tinta e pincel (ca. 1922) da Colección da Fundación Vicente Risco).

Moitas destas obras caracterízanse pola inclusión de piñeiros, elemento recorrente na súa iconografía e característica da paisaxe galega, que Castelao utiliza para simbolizar a nosa identidade: ser nacionalista implica moito máis que a defensa dunha lingua, supón tamén o respecto e o coidado da paisaxe. Unha paisaxe entendida como cultura e dificilmente compatible coa especulación, a permisividade e a intromisión de especies foráneas que están corrompendo a esencia do noso medio natural.

Por último sinalar a que creo que é unha das mensaxes máis poderosas que transmite *Meu Pontevedra*: a certeza de estar ante un creador multidisciplinar (artista, político, axente e axitador cultural, actor, escenógrafo, deseñador de vestuario, deseñador gráfico, escritor, autor de pezas teatrais...) cuxa visión de conxunto aporta riqueza e complexidade ao entendemento do mesmo. Un autor que non deixa de abafarnos coa súa enerxía, compromiso e motivación sen límites.

Concluimos cunha declaración de principios: a crenza no impacto que determinadas exposicións teñen á hora de expoñer cuestións que estimulen e conciencien criticamente ao espectador. As miradas cruzadas e multidisciplinares que, formando parte dun todo, propiciaban as dúas exposicións, non caerán en saco roto. Debemos agradecerlle a todo o equipo do Museo o seu esforzo para comunicar a visión totalizadora e didáctica da obra de Castelao, como un ben socialmente produtivo, cosmopolita e atento á totalidade.

NOTAS

¹ A exposición *Castelao artista: Os fundamentos do seu estilo (1905-1920)* celebrouse no Sexto Edificio do Museo de Pontevedra entre o 1 de abril e o 5 de xuño de 2016.

² José Manuel B. López Vázquez, *Castelao pintor, antes da exposición do Álbum Nós, en Castelao artista: Os*

fundamentos do seu estilo (1905-1920), Museo de Pontevedra, Pontevedra, 2016, p.56.

³ Susana Cendán, *Auto caricaturas de Castelao: la construcción de una identidad icónica*, Quintana, Nº14, 2015, pp.115-125.

⁴ A exposición *Meu Pontevedra. Castelao 1916-1936* celebrouse no Sexto Edificio do Museo de Pontevedra

entre o 28 de xuño e o 11 de setembro de 2016.

⁵ Justo Beramendi González, *A ideoloxía do primeiro Castelao*, en *Castelao artista: Os fundamentos do seu estilo (1905-1920)*, Museo de Pontevedra, Pontevedra, 2016, p.27.

⁶ Tristan Tzara, *Siete Manifiestos Dada*, Ed Tusquets, Barcelona, 2004, p. 16.